



Ensinanzas de música

1.	Acceso e admisión.....	2
2.	Ordenación académica.....	2
2.1	Ensinanzas elementais.....	2
2.2	Ensinanzas profesionais.....	3
2.3	Seccións bilingües.....	4
3.	Escolas e conservatorios non dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.....	4
3.1	Escolas.....	4
3.2	Conservatorios non dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.....	4
4.	Autorización a centros docentes privados.....	4
5.	Programa Erasmus+.....	5
6.	Axudas e bolsas de estudos.....	5
7.	Premios.....	5
8.	Organización e funcionamento.....	6
9.	Especialidades docentes.....	6
10.	Títulos e equivalencias.....	7
11.	Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.....	7



1. Acceso e admisión

- [Instrución conxunta](#) da Axencia Tributaria de Galicia e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a aplicación de prezos públicos nas ensinanzas de réxime especial do 5 de xuño de 2015
- [Decreto 89/2013, do 13 de xuño](#), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño (DOG do 17 de xuño de 2013)
- [Orde do 28 de xullo de 2008](#) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (DOG do 18 de agosto de 2008)
- [Circular 4/2008](#) pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música do 22 de maio de 2008

2. Ordenación académica

- [Instrucións](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a aplicación do calendario do curso 2019/2020 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, e conservatorios superiores de música do 19 de xullo de 2019
- [Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro de 2011)
- [Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación](#) (BOE do 4 de maio de 2006). Modificada pola [Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa](#) (BOE do 10 de decembro de 2013)

2.1 Ensinanzas elementais

- [Orde do 16 de decembro de 2011](#) pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, dun proxecto para a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais ás ensinanzas elementais de música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña (DOG do 26 de decembro de 2011). Modificada pola [Orde do 13 de xuño de 2013](#) (DOG do 21 de xuño de 2013). Prorrogado pola [Resolución do 5 de xuño de 2014](#) (DOG do 16 de xuño de 2014), pola [Resolución do 17 de xuño de 2016](#) (DOG do 30 de xuño de 2016), e pola [Resolución do 11 de xuño de 2018](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 21 de xuño de 2018)



- [Circular 21/2008](#) da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e de danza dispostas nos Decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente do 14 de marzo de 2008
- [Decreto 198/2007, do 27 de setembro](#), polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música (DOG do 25 de outubro de 2007)

2.2 Ensinanzas profesionais

- [Orde do 7 de xullo de 2010](#) pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral (DOG do 15 de xullo de 2010). Consideracións da disposición adicional da [Resolución do 29 de maio de 2019](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de xuño de 2019)
- [Instrucións](#) da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais sobre a validación de determinadas materias das ensinanzas profesionais de música dos plans de estudos anteriores á LOE do 2 de abril de 2009
- [Orde do 10 de marzo de 2009](#) pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza (DOG do 18 de marzo de 2009)
- [Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro](#), polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de educación física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de danza (BOE do 28 de febreiro de 2009)
- [Orde do 23 de setembro de 2008](#) pola que se determinan as materias optativas das ensinanzas profesionais de música establecidas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro (DOG do 3 de outubro de 2008)
- [Orde do 8 de febreiro de 2008](#) pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de febreiro de 2008)
- [Decreto 203/2007, do 27 de setembro](#), polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (DOG do 31 de outubro de 2007)
- [Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro](#), polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 20 de xaneiro de 2007). Modificado polo [Real decreto 1953/2009, do 18 de decembro](#) (BOE do 18 de xaneiro de 2010)



2.3 Seccións bilingües

- [Orde do 29 de agosto de 2017](#) pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües en determinados centros de ensinanzas artísticas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 8 de setembro de 2017). Prorrogadas pola [Resolución do 29 de xullo de 2019](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 19 de agosto de 2019)

- [Orde do 14 de xullo de 2014](#) pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en conservatorios profesionais de música de Galicia (DOG do 23 de xullo de 2014). Prorrogadas pola [Resolución do 4 de xullo de 2016](#) (DOG do 19 de xullo de 2016), e pola [Resolución do 7 de xuño de 2018](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 19 de xuño de 2018)

3. Escolas e conservatorios non dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

3.1 Escolas

- [Circular 12/2006](#) pola que se establecen as titulacións que deberá posuír o profesorado que imparta docencia nas escolas de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia do 14 de xullo de 2006

- [Orde do 11 de marzo de 1993](#) pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de abril de 1993)

3.2 Conservatorios non dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

- [Circular 6/2012](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determinan as titulacións mínimas esixibles para a impartición das ensinanzas regradas de música nos conservatorios de música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e nos centros autorizados do 6 de xullo de 2012

4. Autorización a centros docentes privados

- [Orde do 5 de decembro de 1995](#) pola que se desenvolve o Decreto 253/1995, do 29 de setembro, sobre autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas (DOG do 7 de febreiro de 1996)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



- [Decreto 253/1995, do 29 de setembro](#), sobre autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas (DOG do 11 de outubro de 1995)

5. Programa Erasmus+

O programa Erasmus+ nas ensinanzas de música tramítase desde o centro educativo. Pódese consultar toda a información ao respecto, no ámbito da educación e a formación, na páxina web do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), a través dos sectores educativos do programa Erasmus+ da [Educación Escolar](#) ou da [Formación Profesional](#), segundo proceda.

- [Convocatoria de propostas 2020](#). EAC/A02/2019 (DOUE do 5 de novembro de 2019)

6. Axudas e bolsas de estudos

- [Orde do 23 de xullo de 2019](#) pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro (DOG do 5 de agosto de 2019). [Extracto](#) desta orde (DOG do 5 de agosto de 2019). [Orde do 2 de decembro de 2019](#) pola que se resolve a convocatoria da Orde do 23 de xullo de 2019 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro (DOG do 11 de decembro de 2019)

- [Resolución do 29 de xullo de 2019](#), da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2019-2020, para estudantes que cursen estudos postobrigatorios. [Extracto](#) desta resolución (BOE do 31 de xullo de 2019)

- [II Addenda](#) ao [convenio](#) de colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Empresa – Universidade (FEUGA), para o apoio aos programas de bolsas de formación práctica de persoas tituladas en ensinanzas artísticas do 29 de xaneiro de 2015

7. Premios

- [Orde do 17 de setembro de 2019](#) pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2018/19 (DOG do 2 de outubro de 2019). [Corrección de erros](#) (DOG do 3 de outubro de 2019). [Extracto](#) desta orde (DOG do 2 de outubro de 2019). [Resolución](#) do 2 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes das persoas aspirantes aos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2018/19 (DOG do 22 de outubro de 2019). [Resolución](#) do 19 de febreiro de 2020 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2018/19, convocados pola Orde do 17 de



setembro de 2019 (DOG do 2 de marzo de 2020). [Corrección de erros](#) (DOG do 11 de marzo de 2020)

- [Orde ECD/1611/2015, do 29 de xullo](#), pola que se crean e se regulan os premios nacionais ao rendemento académico do alumnado de educación secundaria obrigatoria e de ensinanza artística profesional nos ámbitos de música, danza e artes plásticas e deseño (BOE do 1 de agosto de 2015)

8. Organización e funcionamento

- [Circular 15/2011](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza do 30 de agosto de 2011

- [Orde do 4 de agosto de 2011](#) pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 18 de agosto de 2011)

- [Decreto 223/2010, do 30 de decembro](#), polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 19 de xaneiro de 2011)

- [Real decreto 303/2010, do 15 de marzo](#), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanza artística reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 9 de abril de 2010)

- [Real decreto 389/1992, do 15 de abril](#), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanza artística (BOE do 28 de abril de 1992) – [Ensinanzas elementais](#)

9. Especialidades docentes

- [Real decreto 428/2013, do 14 de xuño](#), polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanza de Música e de Danza (BOE do 15 de xuño de 2013)

- [Real decreto 427/2013, do 14 de xuño](#), polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanza superiores de Música e de Danza (BOE do 15 de xuño de 2013)

- [Real decreto 989/2000, do 2 de xuño](#), polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores do devandito corpo e se determinan as materias que deberán impartir (BOE do 22 de xuño de 2000) – [Ensinanzas elementais](#)



10. Títulos e equivalencias

- [Real decreto 900/2010, do 9 de xullo](#), polo que o título de profesor de música, regulado ao abeiro do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, e o diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro, se declaran equivalentes ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para impartir as ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na dita lei (BOE do 13 de xullo de 2010)
- [Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro](#), sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 22 de decembro de 2009). [Corrección de erros](#) (BOE do 23 de decembro de 2009). Modificado polo [Real decreto 197/2015, do 23 de marzo](#) (BOE do 13 de abril de 2015)
- [Real decreto 706/2002, do 19 de xullo](#), polo que se regulan determinadas incorporacións ao grao superior das ensinanzas de música e as equivalencias, a efectos académicos, das ensinanzas de música, de canto e de danza dos plans de estudos que se extinguen cos correspondentes á nova ordenación do sistema educativo (BOE do 7 de agosto de 2002)

11. Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores

- [Orde do 20 de xuño de 2011](#) pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores (DOG do 29 de xuño de 2011)
- [Decreto 279/2008, do 11 de decembro](#), polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores (DOG do 23 de decembro de 2008). Modificado polo [Decreto 395/2009, do 8 de outubro](#) (DOG do 22 de outubro de 2009)